

# **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE FARMACIA**

## **CAPITULO PRELIMINAR**

1. A Facultade de Farmacia, para o cumprimento das funcións que lle atribúen a lexislación vixente e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, rexerese polo presente regulamento.

## **CAPITULO I**

### **Da estrutura orgánica da Facultade**

#### **Artigo 1. Da Naturaleza da Facultade**

1. A Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela é o órgano encargado da organización e xestión dos estudos conducentes á obtención do título académico oficial da Licenciatura en Farmacia, así como doutras titulacións adscritas no centro.
2. Tamén poderá impartir ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos que no futuro puideran implantarse ou encargarse a esta Facultade, de acordo coa lexislación vixente.

#### **Artigo 2. Das funcións da Facultade**

Son funcións da Facultade de Farmacia:

- a) A elaboración dos plans de estudos das titulacións impartidas polo centro e a participación na elaboración daquelas compartidas por varios centros.
- b) A organización e a xestión dos servizos docentes que lles correspondan.
- c) A coordinación, a supervisión e o control da actividade docente desenvolvida no centro e a participación nos procedementos que estableza a universidade para a avaliación da calidade docente.
- d) A elaboración dun calendario de actividades lectivas para cada curso, que se deberá facer público con anterioridade á apertura da matrícula.
- e) A promoción de programas de intercambio.
- f) A promoción e posta en marcha de medidas para a realización de prácticas externas para os estudantes.
- g) A realización das actividades de xestión académica ou de outro tipo que lle encomende a universidade.

- h) A administración dos servizos, equipamentos e recursos do centro e o control da súa calidade.
- i) O coñecemento da actividade investigadora que se desenvolva no centro.
- j) A realización de actividades de formación permanente ou de extensión universitaria no seu ámbito de competencia.
- k) A promoción de estudos de posgrao.
- l) A promoción de actividades de colaboración con outras institucións públicas ou privadas de carácter universitario, empresarial, colexios profesionais, para o desenvolvemento de actividades docentes ou complementarias de interés para os estudantes e profesorado.

## **CAPITULO II**

### **Do Goberno da Facultade.**

#### **Artigo 3. Dos órganos de Goberno**

Os órganos de goberno e administración da Facultade de Farmacia son os seguintes:

- a) A Xunta de Facultade.
- b) O decano.
- c) Os vicedecanos.
- d) O secretario.

#### **Artigo 4. Da Xunta de Facultade**

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno do centro, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade, e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

#### **Artigo 5. Da composición da Xunta de Facultade**

1. A Xunta de Facultade estará composta por:

- a) O decano, que a presidirá e convocará.
- b) Os vicedecanos.
- c) O secretario, que o será tamén da Xunta.

- d) O seguinte persoal docente funcionario e o persoal docente e investigador en formación e perfeccionamento con docencia no centro e censados nel, ou non censado, que teña neste un encargo docente igual ou superior a 9 créditos:
- Todo o persoal docente funcionario, que representará o 51%.
  - O resto, sempre que non exceda do 14% do total da xunta.
- e) Unha representación do estudiantado do 30%. O 25% serán alumnos de primeiro e segundo ciclo e o 5% bolseiros e alumnos de terceiro ciclo.
- f) Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 5% do total da Xunta, cun mínimo de dous.
2. Tamén deberá ser convocado para a Xunta de Facultade, con voz, pero sen voto, todo o persoal docente e investigador que imparta docencia no centro e non sexa membro dela, sempre que o solicite.
3. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación co centro ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.

## **Artigo 6**

1. A Xunta de Facultade reunirse, con carácter ordinario, polo menos unha vez ao trimestre en período lectivo, e con carácter extraordinario:
- a) Sempre que o Decano o considere oportuno
  - b) Cando o soliciten:
    - A Comisión Permanente
    - O 30% dos membros da Xunta
    - A totalidade dos membros dun sector pertencente á Xunta, sempre que os mesmos excedan de dez.

No caso de se producir esta solicitude deberá incluír, dunha maneira explícita e concreta, a relación de asuntos que se tratará. O Decano estará obrigado a convocar a Xunta de Facultade nun prazo máximo de dez días a menos que nela se indique o carácter de urxencia, nese caso celebrarase nun prazo máximo de catro días.

2. A Xunta de Facultade traballará en Pleno e en Comisións.
3. A duración de cada reunión non superará as catro horas, salvo que máis da metade dos presentes acorde o contrario.

## **Artigo 7. Das competencias da Xunta de Facultade**

Son competencias da Xunta de Facultade:

- a) A elección do decano e, de ser o caso, a súa remoción.
- b) A elaboración, reforma e aprobación do seu Regulamento de réxime interno.
- c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.
- d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas no centro, consonte a lexislación vixente e as normas xerais emanadas do Claustro Universitario.
- e) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións, de creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e de organización de cursos ou estudos de posgrao.
- f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.
- g) A programación dos servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.
- h) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.
- i) O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.
- j) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
- k) A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado co centro ou coas súas actividades.
- l) Calquera outra competencia que lle atribúan os estatutos da Universidad de Santiago.

## **Artigo 8. Do Decano**

1. O decano representa a Facultade, exerce a súa dirección e a xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

2. A Xunta de Facultade elixirá o decano, de entre os profesores doutores pertencentes a corpos docentes universitarios censados no centro de acordo coa normativa que figura no capítulo V deste Regulamento.

### **Artigo 9. Das competencias do Decano**

1. Son competencias do Decano:
  - a) A representación da Facultade.
  - b) A presidencia das reunións da Xunta de Facultade e a de calquera outro órgano colexiado delas, así como a execución dos seus acordos.
  - c) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Facultade.
  - d) A dirección da política académica da Facultade.
  - e) A proposta ao reitor do nomeamento e cesamento do secretario da Facultade e dos vicedecanos, dentro do límite que sinala o Consello de Goberno.
  - f) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no centro.
  - g) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
  - h) O control do axeitado mantemento do patrimonio do centro.
  - i) O exercicio das restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen os estatutos da Universidade ou a lexislación universitaria.
2. As competencias do decano estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración da Facultade, de non seren atribuídas a outros órganos.

### **Artigo 10. Dos Vicedecanos**

1. Os vicedecanos serán nomeados polo reitor, a proposta do decano, de entre os profesores da facultade acollidos ao réxime de tempo completo, ou de entre os estudantes matriculados na modalidade de matrícula ordinaria, ou de entre o persoal de administración e servizos que teña como único emprego o que desenvolve na Universidade.
2. É labor dos vicedecanos coordinar ou dirixir, baixo a autoridade do decano, a área ou áreas de competencias que este lles asigne, sen prexuízo de que as funcións técnico-administrativas correspondan ao persoal de administración e servizos. O decano designará ao vicedecano que ten que substituílo, en caso de ausencia ou enfermidade.
3. Os vicedecanos cesarán no seu cargo por decisión do reitor, logo da proposta do decano, ou a petición propia.

### **Artigo 11. Do Secretario**

1. O secretario da Facultade é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomende o decano ou que lle encomende a lexislación vixente e os estatutos de Universidade.
2. O secretario será nomeado polo reitor, segundo a proposta do decano, de entre os profesores acollidos ao réxime de dedicación a tempo completo ou os funcionarios dos grupos A ou B censados no centro.
3. O secretario cesará por decisión do reitor, sexa tras a proposta do decano ou a petición propia.

## **CAPITULO III**

### **Do Pleno da Xunta de Facultade.**

### **Artigo 12 Do Presidente da Xunta de Facultade**

1. A Xunta de Facultade será presidida polo Decano, ao que asistirá os vicedecanos e secretario.
2. Correspóndelle ao Decano:
  - a) Ostentar a representación do órgano.
  - b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e fixar a orde do día das mesmas, tendo en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros da Xunta formuladas coa suficiente antelación.
  - c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
  - d) Dirimir co seu voto os empates, a efectos de adoptar acordos.
  - e) Asegurar o cumprimento da normativa legal vixente.
  - f) Visar as actas e certificacións emanadas dos acordos do órgano.
  - g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Presidente do órgano.
3. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade, ou outra causa legal, o Presidente será substituído polo Vicedecano no que delegue.

### **Artigo 13. Dos dereitos e obrigas dos membros da Xunta de Facultade**

Aos membros da Xunta de Facultade correspóndelles:

- a) Recibir, por correo ordinario ou electrónico, a convocatoria co orde do día, lugar e data da reunión, cunha antelación mínima de cinco días naturais, salvo razóns de urxencia, en cuio caso a antelación mínima será de 48 horas. Naqueles casos nos que os temas a tratar precisen de documentación e información detallada, a mesma estará no Decanato a disposición dos membros en igual prazo.
- b) Participar nas deliberacións das sesións.
- c) Exercer o seu dereito ao voto e formular un voto particular, podendo expresar o sentido do mesmo e os motivos que o xustifican.
- d) Formular rogos e preguntas.
- e) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- f) Para que conste a asistencia será obrigatorio acreditarse a través da sinatura nas listas de quorum habilitadas polo secretario da Xunta para tal efecto.

### **Artigo 14. Convocatorias e sesións.**

1. A convocatoria da Xunta de Facultade será anunciada no taboleiro de anuncios do Decanato cunha antelación mínima de cinco días naturais, indicando na mesma a orde do día, lugar e data da reunión.
2. Para a válida constitución do Pleno a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, daqueles que os substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.
3. De non se producir quorum na primeira convocatoria, a Xunta constituirase na segunda convocatoria, media hora despois da sinalada na primeira, cando asistan polo menos o 10% dos seus membros.
4. No poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros da Xunta de Facultade e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

### **Artigo 15. Do desenvolvemento dos debates ou deliberacións.**

1. Cada punto do orde do día dará lugar a que se abra un debate, sempre que haxa pedimento de palabra. Aberto o debate poderán intervir cantos membros da Xunta o desexen, respetando o turno de exposición que estableza o Presidente
2. Ningún membro da Xunta de Facultade poderá intervir nas deliberacións sen haber pedido e obtido do Presidente a palabra.

3. Ningún intervinente poderá ser interrompido cando fale, senon polo Presidente, para advertirlle que se esgotou o tempo, para chamarlle á cuestión ou ao orde, para retirarlle a palabra ou para facer chamadas ao orde a algún dos membros da Xunta.
4. Se o Presidente considera que se aludiu á conducta ou á persoa dun membro da Xunta, deberá concederlle a palabra para que conteste á alusión.
5. O establecido nos parágrafos anteriores enténdese sen perxuício das facultades do Presidente para ordenar as deliberacións. O Presidente poderá limitar o número de intervencións a favor e en contra de calquera proposta ou informe, fixando o tempo máximo para cada unha delas, determinar a orde das intervencións, os turnos de réplica, a duración das intervencións e do debate, a forma de votación, así como cualquier outro aspecto referido ao desenvolvemento dos debates.
6. O presidente poderá dar por suficientemente debatido un tema se así o considera oportuno, debéndose consumir neste caso, como mínimo, dúas intervencións a favor ou en contra, sempre que se solicitaran.
7. Nos puntos do orde do día emanados das Comisións informativas, o Presidente poderá conceder a palabra ao ponente, ou ao informante previamente designado, abríndose o correspondente debate trala súa intervención.

#### **Artigo 16. Das votacións e acordos.**

1. Os acordos, para ser válidos, deberán ser aprobados pola maioría simple dos membros presentes con dereito a voto.
2. Unha vez iniciada a votación, o Presidente non concederá a palabra a ningún dos membros da Xunta e non se permitirá aos mesmos a entrada e saída da saá de sesións.
3. A votación poderá ser:
  - a) Por asentimento á proposta do Presidente.
  - b) Pública, a man alzada.
  - c) Segreda, cando afecte a persoas ou cando o solicite a décima parte dos asistentes.
4. No caso de producirse empate no resultado da votación, decidirá o voto do Presidente ou persoa que o substitúa.
5. Non se admite a delegación de voto nin o voto anticipado.

#### **Artigo 17. Das actas.**

1. O Secretario levantará acta de cada sesión, na que se recollerá necesariamente a relación de asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo de celebración, os puntos principais das deliberacións, o contido dos acordos

adoptados, así como, no seu caso, o resultado das votacións, con referencia ao sentido dos votos particulares, si existiran.

2. As actas, asinadas polo Secretario co visto e prace do Presidente, serán sometidas á consideración da Xunta para a súa aprobación na sesión ordinaria inmediatamente posterior. Non obstante, o Secretario poderá emitir certificación sobre os acordos específicos que se tivesen adoptado, sen perxuício da posterior aprobación da acta.
3. Nas certificacións dos acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.
4. As Actas estarán depositadas na Secretaría da Facultade con cinco días naturais de antelación á sesión na que deben ser aprobadas, coa finalidade de que calquera membro da Xunta poida consultalas. A tal efecto o Centro deberá dar publicidade da recepción e depósito das actas.
5. As obxeccións á acta deben presentarse na Secretaría da Facultade cunha antelación mínima de 48 horas ao inicio da sesión. No caso de non presentarse obxeccións á acta, considerarase aprobada pola Xunta por asentimento.

## **CAPITULO IV**

### **Das Comisions da Xunta de Facultade.**

#### **Artigo 18. Comisiones.**

1. Sen prexuízo das Comisiones específicas, creadas pola Xunta na forma que determine para tratar temas concretos, crearanse as seguintes comisións estables da Xunta de Facultade:
  - a) Comisión Permanente
  - b) Comisión de Biblioteca
  - c) Comisión de Docencia, Plans de Estudio e Extensión Universitaria.
  - d) Comisión de Economía, Infraestructura e Servizos.
2. Previa proposta do Decano ou dun mínimo do 30% dos membros da Xunta, poderán crearse Comisións de traballo específicas coas funcións e composición que, a proposta do Decano, lle asigne a Xunta de Facultade.
3. As Comisións de traballo que se creen ó abeiro do artigo 18.2 contarán, polomenos, cun membro do equipo decanal.

#### **Artigo 19. Elección dos membros das comisiones**

1. A elección de compoñentes das Comisións, agás expresa indicación en contra, realizarana os membros de cada sector que o sexan tamén da Xunta.

2. O Presidente abrirá un prazo para a presentación de candidaturas e fixará día e hora para a proclamación de candidatos e para a elección que terá lugar na Xunta de Facultade.
3. Cada elector poderá da-lo seu voto, como máximo, a un número de candidatos igual ó 70% do número de representantes do seu sector na Comisión. No caso de que dous ou máis candidatos obteñan o mesmo número de votos, cando se trate de profesores ou de persoal de administración e servizos proclamarase candidato electo ao que leve máis tempo vinculado á Universidade de Santiago de Compostela como funcionario ou contratado laboral indefinido. Nos restantes casos será elixido o de máis idade.
4. Se algún dos sectores non cubre o número total de representantes que lle corresponden nunha Comisión, os postos consideranse vacantes ata o momento no que os cubra o propio sector.
5. Agás renuncia expresa ou cesamento na súa condición de membros da Xunta, os componentes das Comisións formarán parte delas durante un período de dous anos, coa excepción dos estudantes, que o farán durante un ano.
6. Logo de se produci-la baixa dun membro da Comisión, procederase a elixir un novo membro que o substitúa, na Xunta inmediatamente posterior segundo se indica no artigo 19.3 deste Regulamento

#### **Artigo 20. Funcionamento das Comisions**

1. A convocatoria das Comisións correspóndelle ó seu Presidente a iniciativa propia ou a pedimento de, polomenos, o 30% dos seus membros, e notificaráse por escrito con unha antelación mínima de 48 horas, agás en casos de urxencia ou acordo da propia Comisión.
2. Para a válida constitución das comisións requirirase a presenza do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, daqueles que os substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.
3. De non se producir quorum na primeira convocatoria, as comisións constituiranse na segunda convocatoria, media hora despois da sinalada na primeira, cando asistan polo menos o 20% dos seus membros.
4. A presidencia das Comisións correspóndelle ao Decano ou ao Vicedecano no que delegue.
5. O Presidente de cada Comisión poderá convocar a quen considere oportuno para que a informe ou asesore sobre puntos concretos da orde do día.

#### **Artigo 21. Da Comisión Permanente**

1. A Comisión Permanente é o órgano deliberador e executivo da Xunta de Facultade que actúa por delegación e ten a súa representación permanente para axiliza-la

xestión dos asuntos da súa competencia. As decisións que adopte acerca dos mesmos serán vinculantes para a Xunta de Facultade, a menos que se produza unha revocación expresa destas no seu Pleno.

2. A composición da Comisión Permanente será a seguinte:
  - 9 profesores funcionarios.
  - 2 profesores non funcionarios ou investigadores en formación e perfeccionamento
  - 5 alumnos
  - 2 membros do P.A. S.

O Decano, Vicedecanos e ó Secretario serán membros natos que se integrarán ós efectos de cómputo no seu sector correspondente.

3. Son competencias da Comisión Permanente:
  - a) Velar polo cumprimento dos acordos adoptados na Xunta de Facultade.
  - b) Supervisa-la xestión dos distintos órganos de goberno e administración do Centro, agás naqueles casos reservados á Xunta de Facultade.
  - c) Pronunciarse sobre aqueles asuntos de competencia do Decano que este queira someter á súa consideración.
  - d) Resolve-las cuestións de carácter administrativo que requiran o acordo da Xunta ou ben o informe da Facultade e que, polo seu número ou pola improrrogabilidade dos prazos, non se poidan someter á consideración da Xunta de Facultade. No cumprimento desas funcións:
    - A) Adoptará acordos sobre:
      - Proposta de nomeamento do Tribunal de Premio Extraordinario do Doctorado.
      - Proposta de nomeamento de Tribunais de Exames de Grao de Licenciado e de Premios Extraordinarios de Licenciatura.
      - Solicitudes de dispensa de asistencia a clases teóricas.
    - B) Emitirá informes en relación con:
      - Admisión de alumnos doutros distritos.
      - Adaptacions/Validacións.
      - A actividade docente dos profesores que dispensan docencia na Facultade.
  - e) A creación de grupos de traballo da Xunta de Facultade, fixando a súa finalidade, compoñentes e funcionamento, sempre que a urxencia dalgún tema o aconselle. A Xunta de Facultade deberá ser informada ó respecto disto na primeira sesión ordinaria.
  - f) Resolver calquera dúbida que se poida presentar acerca da interpretación do presente Regulamento.
  - g) Aquelas outras que lle delegue o Pleno, ou que lle atribúa o presente Regulamento.
  - h) A Comisión Permanente proporcionará información periódica sobre os seus traballos.

## **Artigo 22. Da Comisión de Biblioteca**

1. A Comisión de Biblioteca estará formada por:

- a) O Decano ou persoa na que delegue, que actuará como Presidente.
- b) O Director da Biblioteca de Centro ou o bibliotecario encargado da mesma.
- c) Un Profesor por cada área de coñecemento con implantación na Facultade elixido por e entre todos os adscritos a esa área que dispensen docencia no centro.
- d) Representantes do alumnado nunha proporción do 30% dos membros da Comisión. Estes representantes serán elixidos entre o alumnado que forme parte da Xunta de Centro, dos que un 20 % serán do primeiro e segundo ciclo, o 10% de bolseiros/as e alumnos/as do terceiro ciclo.

2. Serán funcións da Comisión de Biblioteca:

- a) Aproba-la política de desenvolvemento das coleccións e distribuí-lo presuposto no ámbito da súa competencia, de acordo coas liñas xerais emanadas da Comisión da Biblioteca Universitaria.
- b) Elabora-las normas de funcionamento dos servizos bibliotecarios no marco do presente Regulamento. Estas normas estarán a disposición do público en cada Biblioteca.
- c) Aproba-lo informe anual da súa Biblioteca e elevalo á Dirección da Biblioteca Universitaria.
- d) Asesorar nas diferencias de criterio que poidan xurdir entre a Biblioteca e calquera dos seus usuarios.
- e) Asesorar en tódolos asuntos que pola súa importancia se considere necesario someter á súa consideración.
- f) Garantir, en réxime de consulta e/ou empréstimo, un número de exemplares axeitado da bibliografía obrigatoria de todas as materias para o alumnado universitario.

## **Artigo 23. Da Comisión de Docencia, Plans de estudos e extensión universitaria**

1. A composición da Comisión de Docencia, plans de estudos e extensión universitaria será a seguinte:

- O Decano ou persoa na que delegue, que actuará como Presidente.
- Un profesor por cada área de coñecemento con implantación na Facultade elixido por e entre todos os adscritos a esa área que dispensen docencia no centro.
- 5 alumnos de primeiro e segundo ciclo e 1 alumno de terceiro ciclo.

2. Son funcións da Comisión de Comisión de Docencia, plans de estudos e extensión universitaria:
  - a) Elaborar, en colaboración cos Departamentos responsables, os Plans de Organización Docente, seguindo as orientacións establecidas pola Xunta de Facultade.
  - b) Elaborar o calendario de exames e a organización das clases teóricas das materias que forman parte do plan de estudos
  - c) Velar pola correcta aplicación dos Plans de estudos da Facultade, facendo un seguimento dos mesmos e propeñendo, no seu caso, as modificacións pertinentes.
  - d) Coordinar e supervisar a actividade docente do profesorado con docencia no centro e supervisar o seu cumprimento.
  - e) Mediar, dentro dos límites das súas competencias, nos conflitos que no aspecto docente poidan xurdir entre os membros dos colectivos da Facultade.
  - f) Supervisa-los criterios de avaliación aplicados polos diferentes Departamentos con responsabilidade docente no Centro procurando que se efectúe de acordo cun conxunto de exercicios que valoren coñecementos e metodoloxía dirixidos a unha avaliación continua.
  - g) Elabora-la proposta de novos Plans de Estudos e sometela á consideración da Xunta de Facultade.
  - h) Intervir na elaboración dos Plans de Estudos daquelas titulacións nas que a Facultade teña responsabilidade docente.
  - i) Proponer, en cumprimento dos Estatutos da Universidade o procedemento de acceso ó Grao de Licenciado.

#### **Artigo 24. Da Comisión de Economía, Infraestrutura e Servizos.**

1. A composición da Comisión de Economía, Infraestrutura e Servizos será a seguinte:
  - O Decano ou persoa na que delegue, que actuará como Presidente.
  - Un profesor por cada área de coñecemento con implantación na Facultade elixido por e entre tódolos adscritos a esa área que dispensen docencia no centro.
  - 4 alumnos de primeiro e segundo ciclo e 2 alumnos de terceiro ciclo.
  - 2 membros do P.A.S.

2. Son competencias da Comisión de Economía , Infraestrutura e Servizos:
  - a) Propoñer á Xunta de Facultade a distribución dos fondos e supervisa-la súa xestión.
  - b) Propoñer á Xunta de Facultade a utilización das súas infraestruturas
  - c) Supervisa-lo funcionamento dos servizos e mailo equipamento.
  - d) Avalia-las necesidades e deficiencias que se produzan no ámbito da súa competencia, e eleva-las oportunas propostas á Xunta de Facultade para a súa resolución.

## **CAPITULO V**

### **Da Elección do decano.**

#### **Artigo 25.**

1. O Decano será elixido pola Xunta de Facultade convocada para tal efecto con este único punto na Orde do día. O candidato que resulte elixido será nomeado polo reitor. O nomeamento será comunicado ao Consello de Goberno e aos directores dos departamentos que desenvolvan funcións docentes e investigadoras no centro.
2. Poderán ser candidatos a Decano de Facultade os profesores doutores pertencentes a corpos docentes universitarios censados no centro acollidos ao réxime de dedicación exclusiva á Universidade.

#### **Artigo 26. Convocatoria**

1. A convocatoria para a elección de Decano deberá indicar polo menos as seguintes datas e prazos:
  - a) Prazo de presentación de candidaturas, que non será inferior a sete días hábiles nin superior a quince.
  - b) Proclamación provisional de candidatos.
  - c) Prazo de reclamacións contra a proclamación provisional de candidatos, que non será inferior a tres días hábiles.
  - d) Proclamación definitiva de candidatos.
  - e) Data, lugar e hora da reunión da Xunta de Facultade na que se efectuará a votación.
  - f) Data e lugar da reunión da Xunta de Facultade na que se procederá á segunda volta da votación, cando sexa necesaria. A segunda volta pode ter lugar na mesma reunión que a primeira, e nunca máis tarde que tres días despois desta.

2. A elección será convocada polo Decano saínte, coa debida antelación para que teña lugar antes do termo do seu mandato, e en calquera caso como mínimo un mes antes deste. No caso de incumprimento do dito deber, a elección será convocada polo reitor. Se o titular do cargo cesase por causa distinta da expiración do seu mandato, a elección será convocada por quen o substitúa, nos vinte días seguintes ao dito cesamento.
3. A reunión da Xunta de Facultade na que se procederá á votación non poderá ser convocada para antes de que pasen tres días hábiles despois de pechado o prazo de presentación de candidaturas nin para despois de corenta e cinco días naturais dende a data de saída da convocatoria.
4. Se convocada a elección a Decano non se presentara ningún candidato, ou se, concluído o proceso electoral, ninguén resultara elixido, o reitor resolverá, con carácter xeral, a continuidade en funcións do anterior titular, que deberá convocar novas eleccións no prazo máximo de tres meses.

#### **Artigo 27. Da sesión para a votación**

1. A presidencia da sesión da Xunta de Facultade na que se efectuará a votación corresponderá ao Decano en funcións. No caso de que este presente a súa candidatura a decano sería substituído na presidencia polo vicedecano máis antigo de acordo co artigo 17 dos Estatutos..
2. No caso de que o secretario presentara a súa candidatura, actuará como secretario accidental o membro do órgano de menor idade que reúna as condicións requiridas nos Estatutos para o desempeño do cargo.
3. Antes da votación á que fai referencia o presente Regulamento os candidatos poderán expoñer o seu programa durante un tempo máximo de trinta minutos, ao que poderá seguir un debate que se prolongará como máximo durante unha hora.

#### **Artigo 28. Votación**

1. A votación realizarase do xeito que determine o presidente da Xunta de Facultade, e en todo caso garantindo o secreto do voto e a seguridade do resultado. Cada elector poderá dar o seu voto a favor dun único candidato, votar en branco ou absterse. O voto poderá expresarse cunha cruz á beira do nome do candidato ou doutro xeito inequívoco.
2. Rematada a votación dos presentes, o Secretario procederá a introducir na urna os votos emitidos anticipadamente polos membros ausentes da Xunta. Estes votos depositaranse previamente ante o Secretario nun sobre no que figure a identificación do votante, coa súa signatura, e incluírase no seu interior outro sobre pechado co voto, que só será válido na primeira votación.

## **Artigo 29. Sistema electoral**

1. No caso de concorrencia de máis dun candidato, a elección a Decano celebrarase de acordo co sistema de dobre volta. En primeira volta resultará elixido o candidato que obtivera máis da metade dos votos validamente emitidos polos membros do correspondente órgano colexiado. Se esta non se alcanza, procederase a unha segunda votación, que se poderá celebrar na mesma sesión ou, a máis tardar, no prazo dos tres días seguintes á primeira, entre os dous candidatos máis votados na primeira volta que manteñan a súa candidatura, resultando elixido o que obtivera a maioría simple de votos. No caso de empate na segunda votación, repetirase a mesma, e se se mantivese o empate darase preferencia a quen sexa máis antigo de acordo co artigo 17 dos Estatutos.
2. No caso dun único candidato, só se celebrará unha votación, resultando elixido o candidato se obtén o 25% ou máis dos votos emitidos.

## **Artigo 30. Moción de censura**

1. O Decano pode perder a súa condición pola adopción, por maioría absoluta, dunha moción de censura. A moción de censura deberá ser proposta polo menos por un tercio dos membros da Xunta de Facultade e terá que incluír un candidato alternativo.
2. Presentada a moción, o Decano convocará unha Xunta Extraordinaria con este único punto na orde do día; deberase fixa-la data de celebración no prazo máximo de dez días. Nesta Xunta actuará como Presidente o Profesor máis antigo de acordo co artigo 17 dos Estatutos, asistido polo Secretario da Facultade.
3. O candidato e mailo Decano disporán dun tempo máximo de trinta minutos cada un para fixaren as súas posicións; a seguir abrirase un turno de preguntas que se prolongará durante un máximo de unha hora. Tras isto procederase á votación, que será nominal e segreda; establecerase respecto ao voto dos membros ausentes as mesmas previsións que se contemplan no artigo 28.2 deste Regulamento.
4. A moción considerárase aprobada de obter un mínimo de votos favorables superior á metade dos membros da Xunta; neste caso proclamarase Decano electo a persoa proposta na moción de censura.
5. Logo de ser nomeado o novo Decano, este desempeñará o cargo o resto do período para o que foi elixido o Decano censurado.
6. Se a moción de censura non fose aprobada, os seus asinantes non poderán presentar outra durante o mesmo período de mandato.

## CAPITULO VI

### Da Reforma do Regulamento.

#### Artigo 31.

1. A iniciativa, motivada e articulada, da Reforma total ou parcial deste Regulamento correspónderalle ao Decano ou ao 30% dos membros da Xunta. A Xunta extraordinaria deberase celebrar no prazo máximo de dez días contados a partir da presentación da devandita iniciativa.
2. A modificación total ou parcial deste Regulamento esixirá o acordo maioritario da Xunta, con votación favorable de máis da metade dos seus membros en primeira votación e de máis dun tercio na segunda.
3. Toda modificación dos Estatutos ou de calquera outra normativa de obrigado cumprimento que afecte ao contido deste Regulamento, levará consigo a adaptación automática do mesmo, sen que sexa necesario a súa reforma por esta causa. A dita modificación será notificada aos membros da Xunta.

#### DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

**Disposición transitoria primeira.** No prazo máximo de vinte días, contados a partir da aprobación deste Regulamento, procederase á elección dos membros das Comisións, segundo o previsto no presente Regulamento.

**Disposición derradeira.** O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación polo Órgano competente